

Recordatorio de deberes legais á consellería de Sanidade de que a administración debe resolver de forma expresa e nos prazos establecidos cantas solicitudes, reclamacións e recursos sexan presentados polos cidadáns.

Expediente: A.4.Q/2951/20

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2023

Sr. conselleiro:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención D. XXX, con DNI nºXXX.

#### ANTECEDENTES

Nesa queixa, esencialmente, indicaba que na convocatoria incumpríanse os principios de igualdade, mérito e capacidade; que se continuara co proceso malia a suspensión dos prazos recollidos no Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo; que non se tiña respondido ao recurso de alzada presentado contra o proceso e que, pola contra, a Consellería continuou co nomeamento. Finalmente indicaba a incoherencia de que aparecese na resolución a posibilidade de presentar calquera recurso diante do rexistro da Consellería dado que este o día 8/5/2020 estaba pechado e atribuíu esta incoherencia ao “corta-pega”.

Ante iso requirimos información á Consellería de Sanidade nas seguintes datas: 20/05/2020; 23/06/2020; 23/07/2020. O informe foi requirido tamén por correo electrónico no ano 2022. Finalmente o día 15/03/2023 remitiuse á Consellería recordatorio de deberes legais instando á remisión urxente do informe pendente.

O día 23/03/2023 rexistrouse nesta institución informe da Consellería de Sanidade co seguinte contido:

“ (..) O 10/01/2020, XXX e outros/as seis profesionais -todos/as eles/as facultativos/as pertencentes ao Servizo de Análises Clínicas do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela- presentan un recurso de alzada fronte á citada convocatoria.

O recurso vén a impugnar dous aspectos da convocatoria:

- En primeiro lugar, os/as recorrentes consideran que a praza convocada (Xefatura de Sección de Neonatoloxía+- Área de Enfermidades Metabólicas) non debe depender do Servizo de Pediatría, senón do Servizo de Análises Clínicas.

-En segundo lugar, os/as profesionais mostran a súa desconformidade en relación coas titulacións esixidas para a participación no proceso, ao entender que existen diferencias entre o título universitario en Ciencias Químicas e os demais títulos, no que atinxe á obtención das especialidades de Análises clínicas e Bioquímica clínica.

3.- O 24/01/2020 publícase a Resolución de 22/01/2020 pola que se procede a dar publicidade á listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as. Na dita lista, hai un único aspirante admitido (XXX) e non consta ningún/ha excluído/a. O 18/02/2020 publícase a listaxe definitiva coincidindo en contido coa provisional. Non hai ningunha persoa excluída. O día 7 de maio publícase a resolución nomeando á única persoa candidata. Dita resolución non foi obxecto de ningún recurso.

- En relación á suspensión de prazos alegada, o informe transcribe o contido do punto 4º) da Disposición Adicional Segunda do Real Decreto 463/2020, co seguinte contido:

“(..) 4. Sen prexuízo do disposto nos apartados anteriores, desde a entrada en vigor do presente real decreto, as entidades do sector público poderán acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos”

Tendo en conta que a actividade propia desta Administración ten como fin último garantir a máis eficaz e eficiente xestión dos centros sanitarios, co obxectivo final e primordial de proporcionar á poboación unha asistencia de calidade, mediante a prestación dos servizos definidos na carteira de servizos, a Xerencia da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, en base á súa potestade de autoorganización e tendo en conta que a necesidade de atender o servizo público sanitario debe prevalecer sobre outros intereses particulares, considerou oportuno continuar coa tramitación deste procedemento selectivo, toda vez que só existía un único candidato interesado en concorrer ao procedemento, ao terse constatado que ningún/ha profesional tivera sido excluída/o da convocatoria.

- Respecto da non resposta ao recurso presentado, a administración sinala o seguinte:

Debe sinalarse que o artigo 117, apartado 1, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, establece o seguinte: “A

interposición de calquera recurso, excepto nos casos en que unha disposición estableza o contrario, non suspenderá a execución do acto impugnado.”

Pola súa vez, o artigo 24, apartado 4, da mesma norma, dispón: “Os actos administrativos producidos por silencio administrativo poderanse facer valer tanto ante a Administración como ante calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada. Os mesmos producen efectos desde o vencemento do prazo máximo no que debe ditarse e notificarse a resolución expresa sen que a mesma se houbera expedido, (...) “ Xa que logo, tendo en conta o sentido desestimatorio do silencio producido, e sen prexuízo da futura resolución do recurso de alzada presentado, este debe entenderse desestimado.

- Ao respecto da remisión ao Rexistro da consellería de Sanidade sinala o informe o seguinte:

A este respecto, cómpre aclarar que, contrariamente ao inferido polo reclamante, a introdución do mencionado parágrafo non foi froito dun erro, senón do cumprimento da legalidade vixente, que esixe que as resolucións e actos administrativos indiquen, entre outros aspectos, os recursos que proceda interpoñer fronte ao seu contido, o órgano ante o que deben presentarse e o prazo de interposición.

Debe lembrar o reclamante – como empregado público- que o artigo 14, apartado 2, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, establece a obrigatoriedade de relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo para determinados suxeitos, entre outros, e) Os empregados das Administracións Públicas para os trámites e actuacións que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público, na forma en que se determine regulamentariamente por cada Administración.

Porén, non consta que o reclamante presentara recurso ningún fronte á resolución do proceso selectivo, publicada no DOG do 07/05/2020, nin durante o prazo dun mes sinalado na mesma, nin nun momento posterior (unha vez levantada a suspensión dos prazos administrativos establecida polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, que se produciu o 01/06/2020, en virtude do Real Decreto 537/2020, de 22 de maio).

## ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRA. A queixa trae causa da non resposta expresa por parte desa Consellería ao recurso de alzada presentado polo interesado diante da convocatoria realizada pola administración para a provisión da praza de Xefatura de Sección de Neonatoloxía-Enfermidades Metabólicas da Área Sanitaria Compostela e Barbanza. A administración argumenta que o silencio administrativo neste caso ten efectos negativos.

SEGUNDA. O artigo 103.1 da Constitución impón ás Administracións Públicas a obriga de servir con obxectividade os intereses xerais e actuar de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito. Esta obriga artículase mediante o sometemento ao procedemento administrativo regulado polas leis de acordo cos principios enunciados no artigo 9.3 da citada Constitución Española:

A Constitución garante o principio de legalidade, a xerarquía normativa, a publicidade das normas, a irretroactividade das disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas de dereitos individuais, a seguridade xurídica, a responsabilidade e a interdicción da arbitrariedade dos poderes públicos.

TERCEIRA. O artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, regula a obriga da Administración de resolver: “A Administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala en todos os procedementos calquera que sexa a súa forma de iniciación”

O artigo 122.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sinala os prazos de resolución dun recurso de alzada: “O prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de tres meses. Transcorrido este prazo sen que recaia resolución, poderase entender desestimado o recurso, salvo no suposto previsto no artigo 24.1, terceiro parágrafo”.

O citado parágrafo do artigo 24.1 sinala o seguinte: “O sentido do silencio tamén será desestimatorio nos procedementos de impugnación de actos e disposicións e nos de revisión de oficio iniciados a solicitude dos interesados. Con todo, cando o recurso de alzada interpúxose contra a desestimación por silencio administrativo dunha solicitude polo transcurso do prazo, entenderase estimado o mesmo se, chegado o prazo de resolución, o órgano administrativo competente non ditase e notificase resolución expresa, sempre que non se refira ás materias enumeradas no parágrafo anterior deste apartado”

En canto ao artigo 24.2 sinala: “(...) A desestimación por silencio administrativo ten os únicos efectos de permitir aos interesados a interposición do recurso administrativo ou contencioso-administrativo que resulte procedente

CUARTA. Semella razoable que o órgano instrutor precise dun certo tempo para, á vista do que resulte das actuacións e da información recollida dentro do procedemento, formular a proposta de resolución, porén cómpre lembrar que a Lei outorga prazos razonabeis para esta formulación, atendendo á necesidade da Administración pero tamén aos dereitos da persoa administrada. Este feito concrétase nas previsións legais sobre prazos máximos de resolución, cuxa observancia é inescusable para a Administración.

Non debemos olvidar a necesidade de que a actuación administrativa sexa non só eficaz senón tamén eficiente, xa que iso redundará, nun maior grao de calidade dos servizos públicos e nunha preservación nítida dos dereitos das persoas que acuden ás Administracións.

En todo caso debe lembrarse que o silencio da Administración non é unha forma de resposta e que o silencio administrativo desestimatorio ten un carácter meramente procesual. Volvendo sobre o texto da Lei 39/2015, o seu artigo 29 indica: “Os termos e prazos establecidos nesta ou outras leis obrigan ás autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas competentes para a tramitación dos asuntos, así como aos interesados nos mesmos

O silencio, positivo ou negativo, non debe ser unha ferramenta administrativa de uso corrente, senón a garantía que impida que se afecten os dereitos das persoas particulares cando a Administración non atende eficazmente e coa celeridade debida as funcións para as que se organizou.

## CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería o seguinte recordatorio de deberes legais:

A Administración ten a obriga de dar cumprimento ao recollido nos artigos 21 e 29 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de resolver de forma expresa e nos prazos establecidos cantas solicitudes, reclamacións e recursos sexan presentados polos cidadáns.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da



aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo